

Rolda final da CIG-Ensino na mesa sectorial

Tratamento da diversidade e da lingua nas oposicións

Desde o sindicato facémonos eco da petición dunha persoa afiliada e instamos a administración a que faga unha chamada de atención aos tribunais de oposicións á hora de facer os chamamentos, sobran frases como “agora a quenda de discapacidade”.

Pode parecer algo menor, pero non o é, todas as persoas chamadas teñen nome e apelidos e non precisan adxectivos á hora de ser chamadas.

Por outro lado temos constancia de exames de diversas especialidades onde non hai un coidado mínimo pola lingua, incluso parte das probas con castelanismos ou xa con parágrafos completos castelán.

A CIG-Ensino esixe elevar o control na protección de datos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Ducias de centros educativos recibiron nestes últimos días información confidencial do alumnado con NEAE con dereito a unha bolsa do Ministerio.

Un mínimo de dous correos electrónicos enviados desde a Dirección Territorial da Coruña a máis dun cento de centros educativos continúa, na súa documentación adxunta, unha relación completa de

alumnado con discapacidade con dereito a unha bolsa financiada polo Ministerio de Educación.

Esta información foi proporcionada ao sindicato por profesorado de diversos centros que amosaban a súa preocupación pola falta de protección en datos persoais tan sensíbeis.

Nestes momentos non se ten constancia de se o alcance é maior ao que tivo acceso o sindicato. Na información hai datos do alumnado que recibe esas axudas, con independencia do centro no que está escolarizado.

Demandamos, por tanto, que se articule un procedemento da xestión dos datos deste alumnado que evite que este descontrol se poida volver a producir. É intolerable que desde unha dirección territorial se cometan estes erros tan graves en canto á protección de datos do alumnado máis vulnerable cando é a propia consellería a que presiona aos centros educativos para que se extremen as precaucións na confidencialidade dos mesmos.

Novas instrucións da Consellaría, novos recortes na atención á diversidade e o subdirector xeral da Inspección Educativa no medio

O sindicato alerta da imposibilidade de fiscalizar as decisións políticas da Consellaría e dunha sobrecarga burocrática para os centros.

As instrucións publicadas no día de onte, 26 de xuño, sen previo contraste nin negociación coa representación legal do profesorado, inciden na liña que ultimamente caracteriza a administración educativa galega: bunkerización dos cargos políticos, unilateralidade na toma de decisións e imposición de controis de carácter político sobre as necesidades de persoal especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe nos centros.

As instrucións, que regulan un novo sistema para a dotación "con carácter excepcional" de especialistas para atender a diversidade nos centros públicos, adoecen de importantes eivas, limitan o control sindical e seguen sen dar resposta á necesidade de incremento dos cadros de persoal para mellorar a inclusión e a atención do alumnado máis vulnerábel, unha das principais demandas sociais no eido educativo.

Control político, falta de transparencia, aforro de persoal e alumnado desatendido. Ante isto esiximos que se articule un sistema que dote de control e transparencia a este proceso carente de ambas.

Desde a CIG-Ensino animamos aos centros a que nos trasladen as necesidades que teñen deste persoal especialista e que non sexan atendidas.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal